

ACTA COORDINADORA 17 ABRIL 2017

Sendo as 19:00 horas do día 17 de abril de 2017, reúnese a Coordinadora no H. Santiago Apóstolo en Compostela

Asistentes: Luis Villares, Vitoria Esteban, Elena Cores, Alfonso Diz, Ana Seijas, Mario López, Iria , Esther Duro, Gonzalo, Sara Torreiro e Chelo Martínez.

Á marxe da orde do día, informa Luis que Tone foi convocado para esta xuntanza.

Os asuntos tratados na orde do día foron os seguintes:

1. Lectura e aprobación da acta anterior.

- Apróbase a acta anterior anterior por unanimidade.

2. Traballos axendados na última reunión Coordinadora

- - C. Garantías. Contestaron 4 persoas das 5 que confirman recepción de documentación e convocatoria. No escrito enviado informóuselhes dos medios que están á súa disposición. Constituirase o día 20 de abril ás 19 h no Hotel Santiago Apóstolo en Compostela.
- - Representación dun deputado ou deputada no Parlamento Galego na Coordinadora; informa Luís que acordaron que sexa Pancho.
- - Claves: informa Alfonso das claves entregadas e das que faltan por entregar.
- - Ventres de Alugueiro: Informa Ana que está pendente das claves para poder enviar ás mareas locais o documento e convocatoria da xornada sobre "Ventres de alugueiro", organizada polo Grupo de feminismos do GP.

3. Regulamentos Coordinadora e Consello.

Péchase a proposta de Regulamento interno da Coordinadora.

Péchase proposta de regulamento interno do Consello das Mareas.

4. Convocatoria Consello e Plenario

- Acórdase convocar reunión do Consello para o día 29 de abril.
- Acórdase convocar o Plenario para o mes de xullo, pendente de poñer data na reunión do Consello.

5 . Carta financeira. Desenvolvemento regulamentario.

Non se conseguiron aínda os documentos necesarios para facer unha proposta de desenvolvemento regulamentario.

6. Rendición de contas dos grupos parlamentarios.

Acórdase adiar unha posible decisión sobre o tema a unha coordinadora á que asistan os representantes dos grupos parlamentarios en Galicia e no Estado, para pechar con eles os contidos e a forma da rendición, que se producirá en todo caso no seguinte plenario ordinario.

7. Páxina web e comunicación de EM.

Tras a definición de contidos da parte orgánica e a consulta ao grupo de comunicación do Parlamento sobre a parte institucional, e tras deliberar as opcións dispoñibles, acórdase encargar a asesoría técnica de deseño web e de plan de comunicación en redes sociais á empresa Las 3 en punto, como unha contratación puntual de obra de duración determinada dada a urxencia de resolver estas cuestións.

8. Asistencias técnicas e contratacións.

Só se debate a asistencia técnica web e redes. O resto queda adiado por falta de elementos de información para a toma de decisións.

9. Desenvolvemento territorial.

Continúase co traballo orientado a establecer un protocolo de requirimentos mínimos para a creación de mareas municipais directamente adscritas a En Marea. Queda pendente de exame dos membros da coordinadora o seu contido.

10. Mareas sectoriais.

Adíase o debate deste punto por falta de elementos de información para tomar decisións.

11. actividades de formación e debate.

Dase conta da Xornada de formación e debate organizada pola Comisión primeira do GP co título de "*AS CLÁUSULAS SOCIAIS NA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA. Xornada de traballo sobre estratexia política e contratación administrativa*". A coordinadora asume a súa organización para o día 6 de maio, a requirimento da comisión.

A coordinadora acorda dirixirse ao resto de grupos de traballo para ofrecer a súa loxística na organización e difusión das actividades en curso.

12. Municipalismo. Traballo coas mareas locais.

Adíase o debate deste punto por falta de elementos de información para tomar decisións.

13. Relato.

Adíase o debate deste punto por falta de elementos de información para tomar

decisións.

14. Convocatoria do vindeiro Consello das Mareas. Propostas de contidos.

Acórdase convocar Consello das Mareas para o sábado 29, en lugar e hora pendente de determinar, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta do Consello do 2 de abril de 2017.

2. Informe do traballo realizado pola Coordinadora.

3. Debate e aprobación se procede dos Regulamentos do Consello, da Coordinadora e de Territorialización. A estes efectos remitiranse en breve documentos para debate.

4. Proposta da Coordinadora para convocar Plenario de planificación de En Marea para a primeira quincena de xullo coa seguinte orde do día:

- Informe do traballo realizado pola Coordinadora dende o 2 de abril ate a data.
- Informe de rendición de contas dos Grupos Parlamentares
- Planificación de liñas estratéxicas e liñas de traballo para o seguinte semestre.
- Debate e aprobación da Proposta de traballo compartido e distribución de responsabilidades dos membros da coordinadora e do consello.

Esta convocatoria remitirase aos membros do Consello e darase conta a seguido aos medios mediante nota de prensa.

15. Varios.

Aprobación de pagos pendentes.

Sendo ás 21:30 horas, levántase a sesión.